

ACTA Nº 2018/13
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALON DE PLENOS, martes 27 de novembro de 2018 -

No día de hoxe, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

MANUEL BECEIRO COUCE

AMPARO CALVO GONZÁLEZ

XESÚS SOTO VIVERO

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

AUSENCIAS:

SABELA IÑIGUEZ CINZA (BNG)

CRISTINA CALVO TUIMIL(PP)

SECRETARIA:

IRIA LUISA DÍAZ GAVELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2018, SUBEXPEDIENTE 2/2018 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URXENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urxente, polo que se procede a someter a votación, **sendo aprobada a súa urxencia por sete (7) votos a favor das concelleiras e concelleiros presentes do BNG e PSOE e dous (2) votos en contra da concelleira e o concelleiro presentes do PP.**

"PROPOSTA DA ALCALDIA

Preténdese pola alcaldía a realización dunha serie de gastos con carácter urxente e que son inaplazables, non sendo posible a súa demora ata o exercicio seguinte.

Na memoria e providencia de alcaldía que forman parte do expediente expóñense con detalle os gastos que se pretende executar con cargo ao expediente de crédito extraordinario que son os seguintes:

1.- Aboamento das liquidacións número 48/2018 por importe de 21.250 euros e 410/2018 por importe de 21.250 euros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en concepto de 1ª e 2ª liquidación do cofinanciamento do Centro de día de San Sadurniño do exercicio 2018 respectivamente. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar presentou durante o 2018 as liquidacións correspondentes ao cofinanciamento do Centro de día de San Sadurniño durante o exercicio 2017 que foron imputadas ao orzamento do exercicio 2018 polo que cando chega o Consorcio as liquidacións correspondentes ao exercicio 2018 non existe crédito orzamentario. O aboamento das liquidacións é urxente non podendo agardar ao exercicio seguinte pois superaría o prazo de pagamento fixado polo Consorcio coa conseguinte retención do importe pendente de pagamento do Fondo de Cooperación Local como xa advirte no escrito que acompaña ás liquidacións.

2.- Execución do proxecto de "Construción do graderío no pavillón municipal" por importe de 14.350,90 euros. As obras que se propoñen é preciso efectualas sen demora debido ao grave deterioro do graderío do pavillón e a necesidade de adaptalo aos requerimentos de uso actuais, non admitindo demora coa finalidade de que as obras estén rematadas antes do Nadal, época de maior afluencia do ano ao pavillón.

Á vista do exposto, e tendo en conta o informe de secretaría-intervención 102/2018 e o certificado constan no expediente **PROPOÑO AO PLENO** a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 9/2018 subexpediente 2/2018 de crédito extraordinario, financiado con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 57.350,90 euros de conformidade co seguinte detalle:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

Programa	Económico	Descrición	Importe
231	45300	Cofinanciamento Centro de día	42.500,00
342	62200	Construcción graderío pavillón municipal	14.350,90
Total			57.350,90

Medios de financiación do gasto.-

Proponse que a financiación se realice con cargo a ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais por importe de 57.350,90 euros.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto Refundido 2/2004 da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

TERCEIRO.- O expediente entenderase definitivamente aprobado, unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, o Pleno deberá resolvelas no prazo dun mes."

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz do grupo de goberno, Xesús Soto, que explica que a modificación de crédito é basicamente para cubrir as liquidacións semestrais do Consorcio Galego de Servizos Sociais polos gastos de mantemento do centro de día e por outro lado a construción do



graderío no pavillón, adaptando o espazo para poñer uns asentos para facelo máis cómodo e máis accesible.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, anuncia a súa abstención, baseando a súa argumentación no incumprimento da regra de gasto, segundo deduce do informe da secretaria que, aínda sendo favorable, non poderían facerse tales modificacións.

A concelleira do PP, Belén Trigo, recorda que hai uns meses preguntou pola débeda que había sobre o centro de día e o alcalde contestou que non había ningunha débeda, pero que á vista deste expediente parece que non é certo, xa que aparecen liquidacións sen pagar.

Manifesta o seu acordo coas obras que sexan necesarias no pavillón, aínda que considera que non é algo tan urxente como para que non poida agardar ao ano seguinte, sen ter que recorrer ao da regra de gasto. En base a isto, anuncia a abstención do seu grupo municipal.

O portavoz do BNG matiza que as liquidacións do Consorcio Galego de Servizos Sociais correspóndense coas do 2018, polo que no momento en que se realizou a pregunta do PP no pleno, as liquidacións do 2017 estaban aprobadas e pagadas. Sinala ademais que as liquidacións do 2018, que foron efectuadas con posterioridade a esa pregunta, que aínda non rematou, fanse por parte do Consorcio sen ter rematado o período de liquidación; de xeito que poderían deixarse os pagos para máis adiante, como farán a maioría dos Concellos, pero desde o grupo de goberno pretenden ter o orzamento do 2019 intacto para as liquidacións dese ano. Sinala que existe a posibilidade de facer ese pago unha vez efectuada a modificación de crédito e, estando conformes coas liquidacións emitidas, ao contrario que con outras anteriores ás que houbo alegacións estimadas en parte, non existe motivo para non pagalas neste ano.

O alcalde aclara que no momento en que contestou á pregunta do PP estaban todas as liquidacións do Consorcio pagadas, xa que as liquidacións foron a última de novembro e a anterior de xullo, á que se presentara unha alegación a respecto do número de horas das persoas usuarias das que tería que facerse cargo o Concello de San Sadurniño, polo que só existía unha liquidación provisional. Tras esa alegación ten que haber unha reunión da comisión de seguimento na que se acepta ou non a liquidación, que foi a tramitación que se seguiu neste caso.

Asegura que se non fose así a Xunta deduciría esas cantidades das axudas do fondo de cooperación local, tal e como regulou a propia Xunta nas leis de acompañamento dos orzamentos; sendo o momento no que se concretou o xeito de pago, que supón que estea habendo un ano de retrasos nos pagos das liquidacións.

(Incorpórase á sesión plenaria sendo as 19 horas e trinta e oito minutos a concelleira do grupo municipal do bloque Ana Belén Breixo Gundín).

Di que no orzamento do ano 2018 había orzamentada a cantidade que cubría as liquidacións anuais, o que pasa é que neste ano liquidáronse dous anos: o 2017 e o 2018. Explica tamén que debido a unha maior flexibilidade dos criterios estatais, que permite a utilización dos remanentes de tesourería para facer pagos deste tipo, pode facerse fronte ás dúas anualidades con esta modificación. Deste xeito, o que se fai é poñerse ao día para despois utilizar o orzamento para o 2019.

Explica tamén que as liquidacións que se efectúan por parte do Consorcio realízanse tomando os datos do semestre anterior, por iso liquidan antes de finalizado o semestre obxecto da liquidación.

A respecto do investimento do pavillón considera que o que manifesta a concelleira do PP é unha opinión que non coincide coa do grupo de goberno, que entende que habendo posibilidade de realizalo

e sendo un investimento pequeno e pedido por xente moza, pode levarse a cabo. Explica que a razón para facelo agora é aproveitar a época do Nadal, cando o colexio está parado, para facelo sen entorpecer o curso escolar.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta votación, quedando **aprobada con sete (7) votos das concelleiras e concelleiros do BNG e tres (3) abstencións das concelleiras e concelleiro presentes do PP e PSOE.**

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 1 2, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS; PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA PARA A TRAMITACIÓN COMO ASUNTO URGENTE.

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, que non foi sometida a ditame da comisión previa, polo que debe ser sometida para a súa consideración de urgente, polo que se procede a someter a votación, **sendo aprobada a súa urxencia por sete (7) votos a favor das concelleiras e concelleiros do BNG, dous (2) votos en contra da concelleira e o concelleiro presentes do PP e unha (1) abstención da concelleira do PSOE:**

"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

O Imposto sobre Actividades Económicas (IAE) grava de forma directa a realización de calquera tipo de actividade económica.

Este imposto está regulado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.

Ora ben, a maioría das empresas están exentas do pagamento deste imposto, ao ter un importe neto da cifra de negocios inferior a un millón de euros, polo que, no noso caso, afecta a un número reducido de empresas.

A última modificación da ordenanza fiscal nº1-2 foi no ano 2008, e é necesario, por unha banda, actualizar o texto e o articulado, e por outra actualizala, e adaptala á realidade presente das empresas de maior tamaño asentadas no territorio municipal, de cara a favorecer a implantación ou ampliación de empresas de gran volume.

O Goberno municipal pretende realizar unha modificación da Ordenanza fiscal 1-2 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas para actualizala e adaptala ás circunstancias actuais.

O texto da ordenanza vai ser revisado e actualizado, principalmente en relación á normativa aplicable ao imposto.

Por outra banda, a modificación máis salientable será a redución do 1,4 ao 1,1 do coeficiente de situación das empresas situadas nas vías públicas da categoría primeira.

O Real decreto legislativo 2/2004 a cota tributaria e as tarifas do imposto, así como a aplicación dun coeficiente de ponderación. Asemade, o artigo 87 do RDL 2/2004, sinala que os concellos poderán establecer un coeficiente de situación, que pondere a situación física do local, atendendo á categoría da rúa na que radique. Este coeficiente non poderá ser inferior a 0,4 nin superior a 3,8.

Ata o momento, a ordenanza fiscal do IAE viña recollendo que en San Sadurniño existen dúas categorías de vías, e que as de primeira categoría deberían aplicar o coeficiente de situación do 1,4, e o resto do 1.



As empresas de maior tamaño e volume de negocio do concello están situadas en localización incluídas na primeira categoría.

Tendo en conta que o IAE supón un custo importante para as empresas, o Concello quere reducir a carga fiscal para favorecer a localización de novas empresas no seu territorio, ou para a ampliación das xa existentes. Por este motivo propón reducir o coeficiente de situación para os bens situados na categoría primeira do 1,4 actual ata o 1,1.

En todo caso, cómpre salientar que esta redución non vai ter repercusións negativas nos ingresos previstos nos orzamentos municipais, dado que temos constancia de proxectos de ampliación de empresas xa instaladas no termo municipal, que van supoñer un incremento importante nos ingresos do Concello polo IAE.

Por todo isto, esta alcaldía somete á consideración do Concello Pleno a seguinte proposta sobre a modificación da Ordenanza fiscal número I-2 reguladora do Imposto de Actividades económicas:

En relación coa proposta de modificación da Ordenanza fiscal número I-2 reguladora do Imposto sobre actividades económicas a Secretaria-Interventora municipal emite o informe 105/2018 do 22 de novembro de 2018, no que conclúe que

“Tendo en conta o anteriormente exposto, cabe concluir que examinado den o punto de vista procedimental e formal o Proxecto de modificación da ordenanza número I-2 reguladora do imposto sobre actividades económicas axústase á normativa vixente debendo terse en conta a advertencia recollida no apartado 3 do presente informe no que se refire a non resultar convinte a adopción dun acordo que supón a minoraición de ingresos do concello sin contar con outra fonte de ingresos que poda compensar a minoraición.”

Á vista do exposto e do contido da memoria, esta alcaldía somete á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo de modificación da Ordenanza fiscal número I-2 reguladora do imposto sobre actividades económicas:

PRIMEIRO: *Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal número I-2 reguladora do Imposto sobre actividades económicas nos termos que se indican no anexo que se transcribe a continuación.*

SEGUNDO: *De conformidade co recollido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locales, o acordo de modificación da ordenanza fiscal exporase ó público por un período de trinta días mediante edicto insertado no boletín oficial da provincia para que os interesados podan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamacións contra o acordo de aprobación provisional da modificación, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.*

ANEXO

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº I-2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Actualízase a redacción do articulado, e se modifica nomeadamente o artigo 4º no referente ao coeficiente de situación para a categoría 1ª.

Artigo 1. Normativa aplicable

O Imposto sobre Actividades Económicas rexerese neste municipio polas normas reguladoras recollidas no texto refundido do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a dita lei, así como pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. A cota tributaria

A cota tributaria será o resultado de aplicar á tarifa do imposto a que se refire o artigo seguinte, o coeficiente de ponderación regulado no RDL 2/2004 e o coeficiente de situación regulado no artigo 6 da presente ordenanza fiscal.

Artigo 3. Tarifa do imposto

A tarifa será a resultante de aplicarlle ás actividades exercidas neste termo municipal as tarifas e instrucións do imposto aprobadas por Real decreto lexislativo.

Artigo 4. O coeficiente de ponderación

De acordo co que prevé o texto refundido do Real decreto lexislativo 2/2004, sobre as cotas municipais de tarifa aplicarase un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, recollido no devandito Real Decreto.

Artigo 5. O coeficiente de situación

- 1. Aos efectos previstos para a aplicación do coeficiente de situación, as vías públicas clasifícanse en dúas categorías fiscais.*
- 2. Como anexo a esta ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste municipio con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.*
- 3. As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de segunda categoría, permanecendo cualificadas así ata o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría fiscal correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.*

Artigo 6. Cadro do coeficiente de situación

Sobre as cotas modificadas polo coeficiente de ponderación e atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade económica, establécese a seguinte escala de coeficiente de situación:

Categoría da vía	Coeficiente
Primeira	1,1
Segunda	1



Disposición final

A presente Ordenanza fiscal, así como o anexo co índice alfabético de vías públicas, entrarán en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezarán a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Índice alfabético de vías públicas dentro de cada categoría:

Categoría 1ª:

- *Monte Forgoselo, no lugar de Racamonde*
- *Zona industrial da Bidueda (parroquia de San Sadurniño)*

Categoría 2ª:

- *Resto de vías municipais*

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz do grupo de goberno, Xesús Soto, que explica que se trata de dúas modificacións para, por un lado, adaptar o texto da ordenanza á lexislación vixente en preceptos que quedaban obsoletos e outros que non quedaban claros, como as especificacións das zonas xeográficas nas categorías, dentro dos coeficientes de situación. Por outro lado, trátase de establecer dúas categorías ás que explica que se lles aplica distinto coeficiente de situación: establecendo para a categoría primeira un coeficiente que baixa de 1,4 a 1,1, polas motivacións que se recollen na providencia da alcaldía e deixando o coeficiente actual na categoría segunda.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, anuncia a súa abstención baseándose en que no informe de secretaría pon que non se cumpre a regra de gasto, sendo favorable, pero sinalando que non hai xustificación documental de que se vaian instalar novas empresas. Dá lectura á parte do informe de secretaría-intervención no que basea a súa postura.

A concelleira do PP, Belén Trigo, di que entende que se vai baixar o IAE a empresas instaladas nesa zona, pero que superen o millón de euros. Considera que o tipo impositivo do IAE xa non está alto, tendo en conta que os valores están entre 0,4 e 3,8, e que unha persoa que cobra unha pensión e ten que pagar todos os impostos de San Sadurniño está facendo un esforzo; pero unha empresa que ten ata 45 ou 55 millóns pode pagalos facilmente.

Di que ademais, supón cartos que entran no concello e, vendo que os impostos e as taxas que se recollían no orzamento non dan nin para pagar os gastos de persoal, canto menos se quite de ingresos mellor.

Manifesta que se os impostos non os poden pagar "os grandes" como farán "os pequenos". Sinala que o portavoz municipal do BNG criticaba nun pleno anterior ás eléctricas e manifestaba o seu malestar pola rebaixa do IBI que ían recibir os grandes propietarios e agora estanse baixando impostos ás grandes empresas. Di que só o entendería esta medida se foran ofertar unhas condicións de ampliación e creación de emprego moi boas que beneficiaran moito a San Sadurniño. Considera que a baixada non é o suficientemente relevante, xa que só é o 0,3.

O portavoz municipal do BNG interpela á concelleira do PP para aclarar se está ou non de acordo coa baixada ou se cre que aínda debera ser máis a baixada.

A concelleira do PP respóstalle que non está de acordo coa baixada, que a súa postura é que non se baixe, porque poderían pagalo sen problema.

O Sr. Soto dille á concelleira do PP que podería estar próxima á expulsión do seu partido se lle escoitan esas declaracións, tendo en conta a defensa do liberalismo económico que sosteñen. Asegura que cos últimos debates que se teñen dado no pleno sobre política fiscal, dos que pode desprenderse que a carga impositiva en San Sadurniño non é adecuada ao nivel económico da poboación e afoga ás familias; escoitar ao Partido Popular non apoiar cando se propoñen rebaixas tanto no IBI como no IAE non coincide coas propostas que defende a súa organización. Sinala que o goberno municipal pretende facer un pequeno xesto para favorecer que as empresas poidan ser máis competitivas e atraer empresas que non poden asentarse noutros lugares polo custo ou facilitar o crecemento de empresas que teñen manifestado a súa intención de medre. Di non entender que é o que ve de negativo na proposta que se presenta, xa que podería ir no sentido das que defende o Partido Popular. Sinala ademais que se trata de beneficiar as empresas asentadas en San Sadurniño, xa que non hai unha única empresa que facture un millón de euros, senón que hai máis, a maioría empresas locais e as empresas máis pequenas serán as que máis o noten. Aclara tamén que o nivel de facturación non equivale ao nivel de ganancia, xa que á facturación hai que aplicarlle os gastos.

O concelleiro asegura que esta rebaixa non vai conlevar uns menores ingresos para o Concello, como se verá cando se traten os orzamentos, polo que ninguén debería escudarse niso para non apoiar esta proposta.


O concelleiro do PP, Manuel Romero, manifesta que sería bo que igual que se lles baixan os impostos "aos grandes", debería terse un xesto "cos pequenos".

O portavoz do BNG matiza que "os pequenos" que facturan menos de un millón de euros non pagan IAE. Sinala tamén que o caso concreto de Iberdrola é que vai seguir pagando o mesmo, xa que paga o 1, ao non cumprir as condicións para aplicárselle o coeficiente da zona primeira.

Di non entender a motivación das forzas da oposición para non apoiar esta proposta.

O alcalde complementa o exposto manifestando que existe unha proposta da Xunta para que se reduzan nun 50% os impostos municipais, que acaban de aprobar concellos como o de Cerdido con un informe de intervención coma o de San Sadurniño, porque é o que ten que dicir, se se rebaixa un tipo xa que a previsión de ingresos baixa. O goberno municipal non acredita nesa baixada lineal, xa que coinciden co exposto pola concelleira do PP a respecto da rebaixa de impostos ás empresas e non aos particulares, e apostan porque a zona industrial que se contempla nas normas urbanísticas e que se desenvolverá no futuro goce dunha discriminación positiva para fomentar o asentamento e medre de empresas aí. Asegura que teñen coñecemento de proxectos industriais bastante avanzados, pero que por razóns obvias, non poden figurar nunha memoria da alcaldía. Insiste no manifestado polo portavoz do goberno municipal, asegurando que no debate dos orzamentos poderá comprobarse que o Concello, con estes tipos, recadará 30.000 ou 40.000 euros máis do que recada actualmente e así se recollerá na previsión de ingresos dos orzamentos que elabora o goberno.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta votación, quedando **aprobada con sete (7) votos das concelleiras e concelleiros do BNG, dous (2) votos en contra da concelleira e concelleiro presentes do PP e unha (1) abstención da concelleira do PSOE.**



Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19:55 horas, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

Secundino Garcia Casal



A secretaria

Iria Luisa Diaz Gavela



